

## CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES

Nas aulas de do terceiro ciclo, dentro do programa “Centros activos e saudables” do Plan Proxecta, levamos a cabo actividades específicas nas que os alumnos elaboraron carteis que fomentan o consumo de alimentos saudables e a práctica de exercicio físico.

Ao final realizamos xogos para comprobar o aprendido nese período e a modo de avaliación. Para isto, fixemos cinco equipos por aula que tiñan que responder unha serie de preguntas ou resolver problemas de diversas áreas. Os que acertaban recibían un debuxo dun alimento que ían acumulando. Ao rematar a fase das preguntas, cada grupo tiña que confeccionar un cartel que promovese hábitos saudables, a partir das imaxes conseguidas. Unha vez deseñado o cartel, expuxérono e explicárono aos compañeiros da súa e tamén das demais aulas do colexio que participan no proxecto. Os resultados foron moi creativos como unha batalla entre doces e froitas, a construción dunha cidade con alimentos variados, un personaxe feito do que come ou a necesidade de correr para evitar unha vida sedentaria pero o mais positivo foi a reciprocidade dos aprendizaxes entre diferentes cursos e a globalización do traballo con CCNN, EF e lingua Galega.

